Comarca de Pontevedra
Núcleo de Sostibilidade

A·D·R
ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO RURAL
PRODER II - COMARCA DE PONTEVEDRA

# OS PROBLEMAS QUE CAUSA A ESPECIE EXÓTICA INVASORA CORTADERA OU HERBA DA PAMPA



***Nome**: Cortadera, Herba da Pampa, Plumeiro (Cortaderia selloana)*
*Cada exemplar pode espallar ata un millón de sementes.*

## ¿QUÉ PROBLEMAS CAUSA?

1.A herba da Pampa, presenta **carácter invasor** e a súa presencia constitúe un risco potencial para o mantemento de zonas naturais, provocando a **perda de biodiversidade autóctona** (especies e ecosistemas) a través da exclusión da vexetación nativa.

2. Modifica a paisaxe.

3. As súas afiadas follas poden **danar a pel** cortándoa. Poden limitar o uso das áreas recreativas e o ser unha gramínea está definida como **flora alergóxena**.

4. As densas colonias que forman poden provocar un **incremento na frecuencia de incendios**.

5. O impacto desta especie a nivel económico pasa polo **gasto de fondos tanto públicos como privados** para paliar os seus efectos.

## ¿QUÉ PODES FACER?
## EVITAR O SEU ESPALLAMENTO

- **Arrincar manualmente** os exemplares máis pequenos ou con **maquinaria** os adultos. Se o exemplar ten plumeiros, antes de arrincalo, **embolsar** os **plumeiros** para evitar o espallamento do pole ou da semente e queimalos.

-Se non podes retirar o exemplar, podes **eliminar** de forma continuada os **plumeiros** coas flores ou sementes, embolsándoos e queimándoos.

-Xestionar os **residuos** mediante a **compostaxe**.

-**Non utilizar o control químico** pola fisionomía da planta e polo impacto dos herbicidas no medio ambiente.

***LEMBRA**: Utiliza bolsas de papel nos embolsados e queimas e usa luvas na manipulación dos exemplares.*

Máis información: NSI-ADR r/ Santa Clara 4, 2º 36002 Pontevedra. Tlf. 986.108.144. Fax 986. 108.009 ou ben nsi.pontevedra@mundo-r.com, no teu centro de ensino ou http://mediorural.xunta.es/espazosNaturais/bio_especies_invasoras.jsp.